

# IRIMIA



REVISTA MENSUAL  
DE CRENTE GALEGOS  
ANO XLI  
Nº 1053  
De outubro a  
novembro de 2023  
Benia quen constrúe  
a paz!

# A des-humanidade



Ordeade as mulleres



## O trasno

Daniel López Muñoz

### A Galicia sorora, o mar femia, a terra resistente

O curso acelerado de sororidade que recibimos recentemente activou unha conexión mental de experiencias, informacións e lembranzas: a sororidade – aínda sen bautizar– estaba aí de vello.

Estaba nesas mulleres bravas do marisqueo a pé, que comezaron a organizarse nos anos noventa do século anterior, conseguindo recoñecemento, profesionalización, cotización e un chute de autoestima. Con decisión e complicidade, formación, apoio da Consellería, de técnicos e funcionarias, con programas europeos, con aplauso social e institucional, superaron daquela os atrancos dun “machismo de Confraría” que faría palidecer o do extinto Rubiales. Era a fórmula máxica: facer o que facían por tradición e experiencia, dunha maneira sustentable e organizada; ser protagonistas na produción “a longo prazo” dun alimento de altísimo valor, para un mercado que o agardaba cos brazos abertos. Ameixa fina, babosa, xapónica. Sororidade e Terra (e mar), alianza, coidados, heroínas do territorio intermareal.

A Galicia sorora é, ademais de emocionante, intelixente: o ouro do futuro

son os alimentos de calidade. Galicia é de seu, en toda Europa!, unha marca de bo xantar. Non debería ser ese un obxectivo prioritario nun proxecto de país?

“¿País?” “¿Proyecto?” “¿De qué me habla usted?” O enanismo aspiracional do actual “gobierno regional” é o que é. Só así se explica que ese ouro alimentario do futuro galego, teña tan poderosos adversarios con conexións de alto nivel. Adversarios que buscan o ouro de sempre e, quen di ouro, di volframio e estaño. Os da mina de San Finx, sen irmos máis lonxe, a 7000 metros das praias, no alto de Lousame, en caída sobre esa marabilla que é a ría de Muros-Noia.

Costa entender que xulgados e Fiscalía teñan que estar investigando actuais altos cargos dos departamentos de Augas e Minas da Xunta por supostos delitos de falsidade en documento público e irre-

gularidades nas autorizacións. A de baleirado, concretamente, implicaría o bombeo de máis de 800 000 metros cúbicos de augas con metais pesados río Rabaceiras abaixo. Un río no que xa as recentes medicións oficiais deron niveis de cadmio 78 veces superiores ao permitido. A “mar é femia”, que din os mariñeiros, pero está farta.

Non se inventara a Xunta para defender a xente, o medio natural, o futuro desta nosa terra? Ten sentido que media Xunta de 2023 poña en risco un dos mellores logros da Xunta dos 90?

Si, están conseguindo que a xente se pregunte para que raios serve unha autonomía. Igual se trata diso. A sombra de Vox é alongada.



## Deshumanizar primeiro, disparar despois

Logo da aterradora incursión de Hamás, Yoav Gallant, ministro de defensa de Israel, pronunciou unhas palabras reveladoras: “Estamos loitando contra animais humanos e procederemos en consecuencia”.

Se existen as leis da guerra, a convención de Xenebra, o Tribunal Penal Internacional, o dereito internacional humanitario e, como fonte de todo o demais, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, é porque toda persoa é, por principio, irmán/irmá, membro da gran familia humana que formamos, diversa pero igual en dignidade. Tamén nas guerras. Esa é a grande aspiración moral na que se funda toda aquela arquitectura legal. En termos relixiosos: fillas e fillos do mesmo Deus con distinto nome.

Para masacrar, convén facer “pedagogía criminal” no propio grupo, para que os teus electores acepten o teu crime, para que os teus soldados maten e mutilen os “outros” sen escrúpulos humanitarios. Non funciona o de matar inocentes se non convencemos os nosos artilleiros e bombardeiros de que “todos os outros” son culpables directos do mal que nos foi causado e de que, se non son culpables directos, se, por un dicir, son meniños, vellas con andador, enfermos crónicos, doutoras, enfermeiros e mulleres preñadas..., é, con todo, un mal necesario e, ademais, un mal menor, porque non son coma nós, son infrahumanos.

Os españois deshumanizaron os “salvaxes” americanos –para desespero de De las Casas– ; o roubo de nenos e nenas na Australia aborixe xustificouse polos colonizadores británicos na inferioridade esencial da súa raza, cultura e crenzas; a Alemaña nazi fixo dos xudeus unha subhumanidade non merecente da vida; os negros de Norteamérica e da Sudáfrica do apartheid eran unha especie distinta.

Os xenocidios necesitan esa coartada (in)moral. Por iso precisamos luces na noite, voces potentes na dirección oposta: humanizar. Como a do director e pianista xudeu-arxentino-palestino, Daniel Barenboim, creador, xunto co filósofo e activista palestino Edward Said, da *West-Eastern Divan Orchestra*, que reúne novos talentos musicais palestinos, árabes e israelís. Barenboim retrucou o seu ministro cun artigo titulado: *Se negamos a humanidade dos demais, estaremos perdidos*.

Houbo máis voces. O primeiro ministro de Escocia, Humza Yousaf, musulmán de orixe palestina, con familiares directos en Gaza, falou na sinagoga Giffnock, preto de Glasgow, ataviado cunha kipá hebrea na cabeza. Alí deulle unha aperta á nai dun escocés que vivía en Israel e que foi asasinado no ataque sorpresa de Hamás. Dixo: “Quero que saibades que este primeiro ministro, que é orgullosamente musulmán, comparte a dor das nosas comunidades xudías. O voso corazón roto é o meu corazón roto. A vosa perda é a miña perda. As vosas bágoas son as miñas bágoas.”

Masacrar implica unha  
“pedagogía criminal” cos  
“teus” para que maten e  
mutilen os “outros” sen  
escrúpulos humanitarios

## A SOMBRA NEGRA DE VERSALLES

Relín estes días *Momentos estelares de la humanidad*, de Stefan Zweig, e deume que pensar o seu relato sobre o intento e o fracaso histórico do presidente americano Woodrow Wilson, tras a Primeira Guerra Mundial.

O asinamento do armisticio o 11 de novembro de 1918 poñía fin á guerra máis cruel e cruenta que se coñecera nunca: a chamada Gran Guerra, que asolou Europa. Un clamor mundial desatouse aqueles días e cristalizou nun berro unánime ás dúas bandas do Atlántico: “Nunca máis unha guerra!”. E a grande utopía, que non quimera, de establecer mecanismos políticos que asegurasen para sempre a paz entre as nacións converteuse nunha demanda mundial que o presidente Wilson captou e asumiu publicamente. Esa postura xerou vagas de apoio ás propostas e xestións do mandatario americano, que, tan só un mes despois do armisticio, se trasladou a Europa para encabezar a negociación dun gran tratado de paz. Todo isto entre un clamoroso apoio popular, sedento de paz, sen precedentes.

A proposta de Wilson era negociar, por esta orde e con plena transparencia informativa (*open diplomacy*), o seguinte: un gran convenio (*Convenant*) para fundar a Sociedade de Nacións e, nese marco, negociar e establecer os acordos que resolvesen as demandas, indemnizacións, reparticións territoriais e demais secuelas da guerra.

A proposta de Wilson chocou cos intereses inmediatos dos aliados. O primeiro que se atacou foi a transparencia, coa coartada de acordar, antes de nada e con discreción, o procedemento. Deseguido, alterouse a orde mesma da negociación: para os aliados, encabezados polo mariscal Foch, antes ca o Gran Convenio deberían resolverse as demandas inmediatas dos vence-

dores e logo veríase a *Convenant* de Wilson. E así, polo inmediato e o conxuntural, saíron mancados o Tratado de Versalles e a mesma Sociedade de Nacións.

Sorprendentemente, o mesmo mariscal Foch, tan belixerante contra a prioridade do Gran Convenio, decatouse daquel inmenso fracaso: “Este non é un tratado de paz, senón un armisticio de vinte anos”, dixo. E cravouno: vinte anos e 64 días despois, estalou a Segunda Guerra Mundial.

*Mutatis mutandis*, algo similar pode suceder nas tortuosas negociacións para conformar un Goberno progresista. Os intereses particulares e mesmo o sectarismo irredento dos potenciais “aliados” poden torpedear e impedir un acordo de fondo e duradeiro que permita avances políticos e sociais, obxectivamente demandados pola cidadanía. Como podería —e penso que debería— ser un programa común para abrir, cando menos, o debate e o proceso da reforma, tan perentoria xa, da Constitución. E neste marco, pactar o programa de reformas económicas, sociais e en dereitos, así como concretar a participación dos coligados na xestión política e de goberno.

Desgraciadamente, as negociacións, polo que se foi vendo, parecen esencialmente versallescas. É a sombra negra de Versalles.



REAR VIEW. —Orr in the Chicago Tribune.

Os intereses particulares e o sectarismo poden impedir un acordo para conformar un goberno progresista

## Pintando a mona

E Rueda foi *pintar a mona* no **Land Rover** da TVG, abrindo *de facto* a campaña electoral. Comezou a campaña, aínda que non saibamos cando vai convocar os comicios. Claro que, case seguro, tampouco el ten moi claro cando van ser. A diferenza de **Feijóo** ou de **Fraga**, Rueda ten menos autonomía ca os seus predecesores e a data final vai estar moi condicionada polo que pase a nivel estatal, así que o estado maior dos populares galegos decidiu que había que estar preparados para ‘todo’ e desde ‘xa’.

A presenza no programa de **Roberto Villar** foi o primeiro paso e o obxectivo non era outro ca dalo a coñecer. A diferenza dos únicos políticos que participaron no *Land Rover*, Feijóo e **Abel Caballero**, Rueda non buscaba suavizar a súa imaxe, dar a impresión de que é un tipo ‘normal’, un veciño calquera que agora é presidente. Ese podía ser un obxectivo para Feijóo ou Abel Caballero, para este case unha obsesión, porque todo o mundo sabe que son señores que mandan. Rueda está nunha fase anterior: aínda hai que dalo a coñecer, logo xa se saberá que é o que manda.

Por se alguén tiña algunha dúbida, estes primeiros pasos de campaña deixan claro que o **PPdeG** vai ir a por todas, sen escrúpulo ningún. Tiranán do populismo –a precampaña ten como lema: “Galicia no para”, inspirado, claro, naquela “a cabeza non para”, de Roberto Villar. Pero tamén, se fai falta, das medidas daquel “terrible” goberno de **Touriño** e **Quintana**–. Xa o fixo no debate do Estado da Autonomía, anunciando axudas a dependentes establecidas polo bipartito e derogadas cando chegaron á Xunta.

Pero por riba de todo, o Rueda e o PPdeG vanse presentar como o máis español dos españois, por exemplo, facendo un eixo da campaña a terrible *amnistía* que racha España, ao tempo que asegurará ser o máis galego dos galegos –non sería raro que un deputado do PPdeG no Congreso faga, antes da eleccións, unha intervención en galego–.

Neste presentarse como o máis galego dos galegos, case seguro que o PPdeG volverá tirar dun vello truco, que non por vello segue funcionando: o de presentar o PSdeG como ‘os de fóra’, os que lle teñen rabia a Galicia, ao tempo que acusan o BNG de traidores, por pactar por un prato de lentellas. Os socialistas teñen colaborado con fruición con este argumentario, coa súa falta de proxecto galego –a ver se con **Besteiro** cambia a cousa–, ao tempo que unha parte do **BNG** sofre, sobreactúa e ponse nerviosa cando o escoita; os puros, aqueles que seguen berrando o de “PSOE e PP a mesma merda é”.

A campaña está lanzada, nada de precampaña. Todo se vai medir polo seu rédito electoral. Se cadra, só cabería pedir que se lles dea a todos a mesma oportunidade de *pintar a mona*.

Rueda está nunha fase anterior: aínda hai que dalo a coñecer, despois saberase canto manda




Foto: Diario de Pontevedra. <https://www.diariodepontevedra.es/articulo/gente/meneito-bromas-telefonicas-asi-fue-paso-alfonso-rueda-land-rober/202310060857111273562.html>



O patriarca latino de Terra Santa convocou a unha xornada de oración e xaxún pola paz. Ben sabemos que a Deus non hai que convencelo de nada, que xa nos deu todo o que precisamos e que somos nós os que temos que ir descubrindo as ferramentas necesarias, que xa están en todas as persoas. Con todo, xuntámonos un grupo para facer oración certamente sensibilizados polo conflito e o horror vivido na terra de Xesús. Houbo un momento no que alguén enumerou os conflitos que hai no mundo, segundo informa a Comunidade de San Exidio. Abraiante o silencio ante tantos dramas: Afganistán, violencia difusa en América Central, terrorismo en Burkina Faso, Camerún Occidental, rexión de Kivu no Congo, hostilidades na península coreana, conflito en Etiopía, violencia en Irak, ataques azerís e armenios, Líbano, Libia, Mali, Birmania..., ataques e violencia no norte de Mozambique, terrorismo en Nixeria, violencia na República Centroafricana, Casamance no Senegal, Siria, Somalia, Sudán do Sur, Ucraína, Yemen e Terra Santa. A lista é do 2022. Esqueceron Haití, onde o país está en mans de bandas armadas. Citaron tamén a violencia provocada polo narcotráfico en México e o clima violento nos EUA.

Hai outra violencia sen armas, a que se lles aplica aos inmigrantes, ás persoas amo-



europapress.es

readas en Lampedusa, na illa de Hierro nas Canarias, nos montes de Marrocos, en Lesbos, os Roinhya en Birmania... E non esquezamos a violencia institucional na Cañada Real, en Madrid, onde levan máis de tres anos sen enerxía eléctrica, obrigando ao frío e á escuridade a miles de persoas, entre elas, moitas crianzas. A indiferenza ante a inxustiza convértenos en cómplices!

**CARRABOXO** por **KOBÉ LOIS**



# O peto común

Teresa Loira



IRMI

Inmersas na inhumana humanidade, observamos como o pobo palestino segue sendo asediado, menosprezado, maltratado e asasinado coa impunidade mediática e a impunidade do resto de estados e comunidades. Vivir (sobrevivir) no cárcere ao aire libre máis grande do mundo e agardando a xustiza ética que nunca chega. Acabo de ler que un de cada tres mortos na Franxa de Gaza é un menor. Un titular que lemos e nós seguimos preocupados polas nosas propias vidas privilexiadas dende a óptica da suposta supremacía europea. Hai quen pensa que dende esta parte do mundo..., estamos moi avanzados, somos ¿civilizados? E eses problemas entre xudeus e musulmáns están moi lonxe da nosa prezada intelixencia moral e civilizada. Antes de deixar que os medios de comunicación nos sigan manipulando, debemos facer o labor de reler a historia, de coñecer e recoñecer os abusos de poder e a falta de dereitos humanos continuada. A problemática non naceu hoxe, ten anos de historia, e descoñecela fai caer na explicación sinxela, na dicotomía e na expiación dos pecados do resto de países. Ironía que as persoas palestinas non sexan dun país europeo. Nese caso, abririámoslles as portas (nun primeiro momento...; despois xa o pensariamos, cando deixan de ser noticia, xa ocupan espazo). Coma sempre, hai guerras de primeira e de segunda e terceira, hai persoas que importan moito e outras invisibles. Hai dereitos humanos que non se poden pisar e outros que se poden masacrar a diario. Humanidade para e co pobo de Palestina!



## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

A miña tía era unha señora moi boa, moi piadosa e moi preocupada polos seus fillos e fillas. Un bo día, a súa filla maior marchou de viaxe co seu noivo, o cal fixo que a miña tía estivese moi, moi preocupada, non pola viaxe, mais si pola súa moralidade. Ao regresar, colleu á miña prima por banda, sentouna no sofá e preguntoulle a queimarroupa:

- Filla, ti déitaste co teu mozo?

A miña prima, que xa sabía que ía ter que abordar este tema, estaba preparada e respondeu unha frase que, dende entón, é lapidaria na miña familia.

- Mamá, se non queres escoitar determinadas respostas, non fagas determinadas preguntas.

A miña tía, que non era parva, entedeuno á primeira e a partir deste momento evitou facer determinadas preguntas e os meus primos non tiveron que dar determinadas respostas.



Está sendo un Sínodo a nivel da Igrexa e permitiron que se fixesen preguntas sobre o papel das mulleres na Igrexa, o celibato, o papel dos laicos... O papa di que eses temas non son propios do Sínodo, pero se deixaches falar, agora non podes queixarte de que se fagan determinadas preguntas para determinadas respostas. A Igrexa somos todos e non podes esperar só un tipo de preguntas. Se non respondes, entendemos todos e ¡todas!

O **EXPLORADOR FORESTAL** ([forestexplorer.gsic.uva.es](http://forestexplorer.gsic.uva.es)) é unha plataforma deseñada polo equipo Linked Forest, vencellado á Universidade de Valladolid, que permite visualizar as masas forestais de calquera lugar do Estado. A través deste programa pódense atopar bosques, as especies que os compoñen e as súas características, a extensión que ocupa unha especie en particular, ou mesmo buscar datos por provincias ou dun lugar en particular.



O pasado 27 de outubro presentouse en Compostela a **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TERAPIA DO REENCANTO** (TRG), despois de varios anos de “traballo comunitario e coidadoso”. No acto participou a creadora da Terapia do Reencantamento, Fina Sanz Ramón, e a coordinadora e socia fundadora da asociación, Tareixa Ledo Regal. A Terapia do Reencantamento é un modelo integrador que comprende a psicoloxía, a sexoloxía e a educación para a saúde cunha perspectiva de xénero, clínica e comunitaria.



## IRIA ALDEGUNDE

adaptou á banda deseñada as *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. No seu traballo utiliza a técnica do gouache e inspírase e documéntase en diferentes lugares e persoas, dende o Museo do Pobo Galego ata as fotografías de Ruth Matilda Anderson e as conversas co seu avó. Iria pretende, con esta obra, seguir transmitindo unha historia “de antes” tinguida de sentimentos atemporais (Ed. Galaxia).

O emprego da **MADEIRA** vai gañando terreo en Galicia, na construción de obra pública (centros de saúde, espazos de deporte e de usos sociais) e na vivenda privada. A aparición da madeira contralaminada, produto de uso estrutural en edificios, no canto do formigón e dos ladrillos, vaise abrindo paso, axudada pola súa resistencia, durabilidade e capacidade de illamento. A madeira é un material renovable, cunha clara vantaxe ecolóxica, fronte aos materiais empregados habitualmente no sector.






“Fronte á cultura da cancelación, as bibliotecas son un antídoto contra a amnesia”, di **BENITO MÉNDEZ**, canónigo catedralicio, profesor e impulsor dunha nova biblioteca pública que aínda non ten data de apertura, pero que quere ser un servizo da Diocese á promoción da cultura en Ferrol. Conta xa con importantes doazóns e instalárase cerca da universidade, posiblemente en Esteiro. Polo de agora, estase acondicionando a antiga igrexa do barrio para acoller os seus libros e mesmo podería chegar a sé definitiva unha vez restaurada.



Segundo unha circular do pasado 11 de outubro da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), nas vindeiras probas da **ABAU**, “las preguntas sobre historia de la lengua se centrarán en el gallego después de su oficialización en 1981”. Esta limitación supón que non se poida indagar sobre a represión da lingua durante o franquismo. O cambio fundaméntase na modificación dos contidos do bacharelato en Galicia, que, non obstante, nada din da obriga de centrarse unicamente nos últimos anos da historia do galego.



Ía para concertista de piano, prendeu no xornalismo e deixou leccións de música, literatura e de vida. **RAMÓN CHAO**, moi coñecido e admirado no París que o acolleu, non recibiu en Galicia todo o recoñecemento que o seu legado merece. Para axudar a virar esa realidade, Aser Álvarez trata a súa figura nun documental, “O camiño de Ramón Chao”, no que o fío condutor é unha viaxe en Vespa a Compostela para contar a historia de Prisciliano, de quen pensaba que fóra inxustamente tratado.



O proxecto **ORGULLO GALEGO** ([orgullogalego.gal](http://orgullogalego.gal)) ofrece a posibilidade de acceder a un listado no que recolle, ordenados alfabeticamente, grupos e solistas galegos, co obxectivo de divulgar e pór en valor a música galega en todos os seus estilos. Ao carón de cada un deles figura a indicación do xénero musical principal da súa música. A lista está aberta á participación de quen o desexe, para podela completar con novas incorporacións.

# As furtadelas

Santiago Alba Rico

## Os donos de todas as listas

Pasade un por un, nenos mortos,  
que vos imos compadecer.

**Coro:** que vos imos compadecer,  
nenos mortos, fabiñas de aire vermello,  
sombros xigantes na terra sen herba.  
Pasade, vide, escoitade os vosos nomes.

Oh, James, nome de príncipe,  
asasinado aos 7 anos,  
o 13 de xaneiro de 2012  
en Sacramento, California,  
por un tolo que quería saír na televisión.  
Benditos sexan, James,  
os teus patíns de rodas no armario pechado  
e a túa luva de béisbol no caixón do garaxe.  
Malditas sexan as cordas e os puñais  
e os homes que segan as viñas de luz.  
Os teus pais, James,  
non distinguen a auga do lume.  
O mundo, James, perdeu unha cor.

**Coro:** Benditos sexan os teus patíns de rodas,  
malditos sexan os homes malditos e os seus  
pinchos de ferro.  
Choremos os nenos mortos, buratiños celestes.  
Pasade, nenos mortos, escoitade os vosos no-  
mes.

Oh Margarita, nome de flor,  
violada e degolada aos 11 anos,  
en Salta, Arxentina, o 20 de maio de 2013,  
por un vendedor de reloxos.  
Bendito sexas, Margarita,  
o teu vestido de festa na percha esquecida  
e o teu cartaz de Shakira na parede do teu cuar-  
to.  
Malditas sexan as mans sen alma  
e os homes que tronzan os fachos en flor.  
O teu amigo Juan, Margarita,  
non distingue a regalicia do amorodo.  
Ao mundo, Margarita, saíulle un oco na tempa.

**Coro:** Bendito sexa o teu vestido de festa, Mar-  
garita,  
malditos sexan os homes malditos  
e os seus bicheiros de aceiro.  
Choremos os nenos mortos,  
chícharos da árbore do sol.

Pasade, nenos mortos, escoitade os vosos nomes.

Oh, Nicola, nome de paxaro,  
queimado vivo aos 3 anos  
o 20 de xaneiro de 2014 en Calabria, Italia  
pola mafia e os seus esbirros sen Deus.  
Bendita sexa, Nicola, a túa buxaina amarela  
no aparador da avoa  
e o teu coche de plástico no poeirento faiado.  
Malditas sexan as veas sen sangue  
e os homes que afogan a voz do pardal.  
Os teus avós, Nicola,  
non distinguen o negro do branco.  
Ao mundo, Nicola, caeulle un botón.


**Coro:** Bendita sexa a túa buxaina amarela, Nicola,  
e malditos os homes malditos e as súas uñas de  
roña.  
Choremos os nenos mortos,  
amoras do bosque e dentes de león,  
pasade, nenos mortos, escoitade os vosos nomes.

Oh, Gabriel, nome de anxo,  
tiroteado aos 6 anos, o 19 de marzo de 2012  
na escola xudía de Toulouse, Francia,  
por un terrorista fanático que cabalgaba unha  
moto.  
Bendito sexa, Gabriel, o teu disfrace de vaqueiro  
na caixa do cuarto de xogos  
e a túa bici con marchas nun recanto do patio  
Malditas sexan as armas e o demo que as carga  
e os homes que rachan as plumas do vento.  
Os teus irmáns, Gabriel, non distinguen un lagarto  
dun grilo.  
O mundo, Gabriel, ten unha mancha no ollo.

**Coro:** Bendita sexa a túa bici con marchas, Ga-  
briel,  
e malditos os homes malditos e os seus cairos de  
sangue.  
Choremos os nenos mortos, lentellas de arrecen-  
do,  
pasade, nenos mortos, escoitade os vosos nomes.

Oh, neno, quen es ti? Non estás na lista.  
Non tes nome nin parentes nin xoguetes.  
As feridas que traes non son túas.

**Coro:** Non estás na lista, quen es?  
de onde sacaches todas as feridas?





Nomeádeme, señores compasivos  
 donos de todas as listas.  
 Chámome Mohamed Oraif  
 e fun asasinado aos 10 anos  
 o mércores 9 de xullo de 2014 en Gaza, Pales-  
 tina,  
 por avións que lanzaban acios de morte.  
 Ségueme o meu irmán Eyad, doce anos,  
 e Siraj, oito anos, e Bassem, de nove, e Hus-  
 sein, de trece  
 e Yasmin e Miriam e Ramadan e Sahar e Nour  
 e Ghalia e Anas e Amal e Qusai  
 e -mirade cara a atrás- centos e centos de  
 nenos,  
 nenos palestinos con cubos de sangue,  
 con sacos de feridas,  
 sen brazos nin pernas nin dentes,  
 tronzados por uñas de roña,  
 por pinchos de ferro,  
 por homes malditos sen deuses nin veas.

Non estás nas listas, pequeno.  
 Non existes, non sangras, non choras.

**Coro:** Non estás nas listas,  
 non sentimos nada.

Nomeádeme, señores compasivos,  
 donos de todas as listas.  
 A miña nai preparaba o mellor pan con zatar  
 do Próximo Oriente  
 -con zumaque, ajedrea e ourego-  
 e cantábame de noite a canción de Leila e  
 Majnoun.  
 Agora non pode distinguir o comiño do sésa-  
 mo.  
 O meu tío Redwan tiña un gran bigote de  
 morsa  
 e unha barca de madeira con nome de moza.  
 Agora non sabe distinguir o mel do sal.  
 Os meus curmáns Ahmed e Yahia  
 deixábanme xogar co seu teléfono móbil  
 e ensináronme a asubiar cos dedos.  
 Agora non poden distinguir o cal dos versos.

Non estás nas listas, rapaz,  
 non rías, non cantabas, non soñabas.

**Coro:** Non estás na lista,  
 non podemos chorar.

Bendicide os meus xoguetes, seño-  
 res compasivos,  
 donos de todas as listas,  
 bendicide as miñas bolas,  
 a miña buxaina de punta de cravo,  
 a bici oxidada que me levaba á es-  
 cola,  
 as miñas fotos de Fayrouz e do Che,  
 a pistola de plástico,  
 coa que resucitaba ao meu irmán  
 Eyad,  
 o ioio vermello e o balón do Barça  
 que me trouxo Yahia de Exipto.  
 Bendicide o meu xoguetes señores  
 compasivos  
 entre os entullos da miña casa moí-  
 da  
 por un mísil israelí.  
 Bendicide os meus xoguetes  
 maldicide aos meus verdugos.

Non estás na lista, non podes pasar.  
 Vide James, Margarita, Nicola, Ga-  
 briel  
 vide cos vosos nomes de príncipe,  
 de paxaro, de anxo, de flor  
 Malditos homes malditos coas súas  
 uñas de roña!  
 Vós, palestinos, teredes que espe-  
 rar.  
 Cambiade de nome, palestinos,  
 cambiade de patria, de bando, de  
 deus,  
 e a próxima vez que vos matemos  
 deixaremosvos ser nenos.

**Coro:** cambiade, palestinos, de  
 nome  
 de patria, de bando, de deus  
 e a próxima vez que morrades po-  
 deredes ser fabiñas, chícharos,  
 fachos en flor,  
 un oco no mundo,  
 unha cor perdida  
 e choraremos todos,  
 choraremos todos,  
 coma se fósedes ianquis,  
 coma se fósedes italianos,  
 coma se fósedes franceses,  
 coma se fósedes humanos.

## Eólica, si; “pelotazos”, os xustos



*No modelo eólico que se pretende implantar no medio natural galego, na súa envergadura, improvisación e na desaparición dun “interese público” que o module e oriente, estámonos a xogar o futuro do territorio. Alén da protesta emocional – perfectamente lexítima– cómpren moita reflexión e datos. Grazas a ese rigor, estanse revisando pola Xustiza autorizacións con defectos graves. Conversamos con Belén Rodríguez Fernández, secretaria executiva de ADEGA, que coñece ben a complexidade e a urxencia da situación creada.*

**Ultimamente vimos empresarios, compañías enerxéticas, medios de comunicación... e mesmo sindicatos e colexios profesionais metendo presión contra o Tribunal Superior de Xustiza, ao que acusan de “crear inseguridade xurídica” por emitir sentenzas que paralizan megaparques eólicos en tramitación. Parece o mundo do revés...**


Pois si. Porque quen crea inseguridade xurídica non son os tribunais; é a propia Xunta, que aplica un plan eólico desfasado, que non foi sometido a avaliación estratéxica ambiental, que só atende criterios produtivos, se hai ou non vento. Crea inseguridade xurídica unha normativa –as coñecidas como leis de depredación– que recorta a participación pública e as garantías de carácter ambiental. Así, en 2017, a lei de iniciativas empresariais; en 2021, a lei de simplificación, e agora andan coa lei de beneficios socio-económicos. Son normas que favorecen o interese privado das grandes empresas, recortando as garantías ambientais e os prazos de exposición pública nos procesos de autorización e que obstrúen o acceso á información. Ademais, a Xunta de Galicia leva décadas incumprindo

as normativas europeas en materia de protección ambiental. En Galicia temos a rede de Espazos-Natura máis cativa de todo o Estado, só detrás de Melilla, o 11 % do territorio, e a Xunta vai evitando ampliar esa zonas –nas que non se poderían construír megaparques eólicos– e que na media estatal acadan o 27 %.

**En Galicia temos a rede de Espazos-Natura máis cativa de todo o Estado**

**Responde todo isto a unha “burbulla eólica”? Quen e como saca tallada? Cando estoupe, quen serán os vencedores e quen os vencidos?**

Si, hai burbulla eólica e os fondos *Next Generation* teñen algo que ver, dando lugar a iso que nós chamamos a invasión eólica. En dous anos, máis de 300 proxectos, coas súas respectivas “poligonais”, foron admitidos a trámite. A simple admisión a trámite xa lles confire dereitos ás promotoras sobre



o territorio. Non hai un concurso eólico. É como a febre do ouro no Oeste: a que primeiro chega, obtén vantaxe, ningunha outra promotora pode meterse nese territorio. E foi unha enxurrada de proxectos. Iso si, houbo solapamento de zonas; poligonais de superficies desproporcionadas; fraccionamentos artificiais de proxectos. Un resultado caótico, especulativo, con promotoras alleas ao sector que, sen experiencia ou con pouca solvencia, entraron no pastel e que probablemente non teñan intención de construír senón, no caso de obter a autorización, de revender os seus dereitos a fondos de investimento, a outras promotoras etc. Estase autorizando máis potencia eólica da que somos quen de distribuír. 12 000 MW en tramitación nos últimos 2 ou 3 anos, que representa catro veces a potencia eólica xa instalada no país e a cuarta parte de toda a potencia eólica que se planea para todo o Estado en 2030. Os que sacan tallada son as grandes empresas, os Fondos, os especuladores. Quen perde será o pobo: paisaxes destruídas, perda de emprego..., o rural, que vai quedar moi afectado... Perderemos soberanía enerxética e alimentaria e quizais acabemos pagando indemnizacións a esas grandes empresas pola mala xestión da administración, no caso de que algún dos proxectos autorizados sexa

inviabile, por exemplo, por non poder evacuar esa enerxía.

**O ecoloxismo histórico e as renovables foron sempre da man. Agora, en tempos de crise climática desatada: “Eólica así, non”; de acordo, pero daquela, ¿como?**

ADEGA e o movemento ecoloxista seguen apostando polas renovables. É a nosa convicción. Pero rexeitamos un modelo de implantación centrado no lucro económico, que destrúe o medio natural e abusa das persoas. No movemento “Eólica así non” –máis de 200 colectivos– traballamos uns principios mínimos, que parten da xustiza social

**defendemos unha mellora do aforro enerxético: antes de crecer na xeración, cómpre saber canto poderíamos aforrar**

e a preservación ambiental. Cumpriría unha nova planificación con base socio-ambiental, ao servizo do país, con participación pública real, sometida a avaliación ambiental rigorosa, xusta coa poboación afectada, que non poña en risco a nosa resiliencia climática e que identifique os proxectos de utilidade pública. Teñen que establecerse zonas de exclusión, polo seu alto valor paisaxístico, ecolóxico ou patrimonial, onde non se poidan desenvolver estes polígonos. Asegurar corredores ecolóxicos e salvagardar hábitats especialmente sensibles e vitais para a resiliencia climática, como as zonas húmidas, brañas, turbeiras, que están a ser agora dinamitadas, evidenciando a contradición do modelo. Nós tamén defendemos unha mellora do aforro e a eficiencia enerxética: antes de crecer na xeración eléctrica, hai que saber se xa aforramos todo o consumo que poderíamos aforrar. Non podemos producir sen límites nun planeta con límites. E finalmente é necesaria a “democratización da enerxía” como ben básico e non un produto de mercado. Promover o autoconsumo, unha produción descentralizada que posibilite a autosuficiencia dos territorios. Sen





esquecer tampouco que este modelo actual non compensa xusta e debidamente a poboación afectada; desenvolver os eólicos ten que ser compatible cos sectores primarios, estratéxicos para o país, agricultura, gandería, pesca e un monte multifuncional... O contrario é favorecer o abandono do rural.

**E despois está o tema de Galicia como terra de sacrificio. Hai datos que xustifiquen iso ou é un vitimismo choromiqueiro?**

Historicamente Galicia foi unha zona de sacrificio para abastecer de enerxía as grandes metrópoles do Estado. Xa desde os setenta, coas hidroeléctricas, coas térmicas e despois coa primeira vaga eólica. Os nosos ríos están atrancados continuamente por encoros e os nosos montes xa están inzados de eólicos: xa hai máis de 190 proxectos eólicos instalados. Nesta nova vaga, hai xa autorizados 75 novos proxectos –que estamos recorrendo nos xulgados– e “en tramitación” outros 150 proxectos eólicos, pendentes de declaración de impacto ambiental ou de resolución. Estes números revelan a tremenda enxurrada de proxectos que hai sobre a mesa e o seu impacto no territorio. Ademais dos da Xunta,

están os do Estado: en abril autorizaron 13 e pode haber outros 25 ou 30 en tramitación. E iso sen contar os 9 eólicos mariños en trámite. Ríos, mar e montes sacrificados en mans de grandes compañías que tributan fóra, que non van ligadas a un desenvolvemento industrial galego. É o de sempre: levan fóra “as materias primas” e deixan o impacto ambiental e social. Exportamos xa máis do 30 % da electricidade que producimos. Xa cumprimos como país cos obxectivos de renovable para o 2030. Por que temos que asumir a responsabilidade de subministrarlle enerxía ao resto do Estado e ao resto de Europa? Galicia é a comunidade que máis densidade de instalacións eólicas e hidroeléctricas ten. Un 5 % da superficie do Estado produce xa o 14 % da eólica e o 25 % da hidroeléctrica. Si, desde logo, somos unha terra –e un mar– de sacrificio.

**Esta parece a loita de David contra Goliat, dá a impresión de que só os territorios afectados se mobilizan e organizan. Non se bota en falta na escena pública unha voz técnica –das universidades, por exemplo– que orientasen todo isto?**

Si que hai investigadoras e investigadores que están participando no

**Non hai un concurso eólico. É como a febre do ouro no Oeste: todo para quen primeiro chegue**

movemento social contra este modelo de implantación das enerxías renovables e transición trazado polas grandes empresas, iso si, a nivel persoal e por convicción ou pola súa traxectoria investigadora, por exemplo, na área de economía aplicada ou na do dereito administrativo, asesorándonos nos recursos contra as autorizacións. Sen esquecer o Observatorio Eólico de Galicia, no que colabora a Universidade de Vigo. Como institución, iso si, hai un gran silencio das universidades. Pode ser, en parte, responsabilidade nosa, por non saber canalizar ese apoio que tería un papel fundamental, para orientar unha transición diferente. Por suposto que animamos as universidades a colaborar. Tamén é certo que hai departamentos que desenvolven proxectos de investigación vinculados ás grandes promotoras enerxéticas. E aí podería haber un atranco para un pronunciamento enérxico da universidades en contra deste modelo eólico.

## Primavera silenciosa


Camiñando cara á primavera do 2021, o planeta enteiro, atemorizado por un virus, semellaba un mapa de silencio. Pandemia tamén de medo. A imaxe rememora a lectura do libro publicado por Rachel Carson na década dos 60, *Primavera silenciosa*.

Entón, e agora, segue a ser unha chamada urxente a loitar contra o excesivo impacto humano sobre o planeta. Tanto que a influencia dunha soa especie vén de inaugurar unha nova época, o Antropoceno.

O profético libro de Carson reabre a preocupación polo futuro da vida no planeta. Alberga ata oito millóns de especies vivas, pero está ao servizo dunha soa, o *homo sapiens*, 'mulleres e homes sabios' responsables do acelerado deterioro dos ecosistemas, das alteracións da natureza, o calentamento global e a ruptura dun equilibrio brutalmente agredido pola acción humana.

*Primavera silenciosa* éche unha conmovedora petición de axuda. Miramos ao redor. Un mundo feito só á medida humana acaba sendo inhumano cando ignora as plantas e animais que conviven connosco, compartindo e configurando o medio. Temos agredido con tanta inconsciencia e ferocidade os ecosistemas que terman de nós, que ata os virus saltan dos seus nichos alterando os mapas da vida.

Daquela, lemos que en áreas cada vez máis extensas xa non se escoita o canto dos paxaros. As mañás primaverais, estrañamente silandeiras, van perdendo as cores, a beleza gratuíta dos rechouchíos. Décadas de abondosa sementeira química están a baldeirar os campos de insectos, primeiro prato na paparota da vida. Agora sabemos que os vagalumes importan, como importa o tigre de Bengala.



Non fai falta moita imaxinación paralela para escoitar o clamoroso silencio dos máis pequenos, provocado por un virus que vacina contra a alegría de vivir, que amordaza os berros e obriga a medrar en soidade a carón doutros nenos e nenas na primavera silenciosa das aulas, casas, patios.

O que denunciaba R. Carson en 1962 estivo ben presente en 2021. Algo estamos a facer mal. O cambio climático, a desertización, a tala da alfombra verde das selvas, a sementeira de plástico, as mil formas de contaminación pasan factura. A boa noticia é que agora somos máis conscientes dos problemas do planeta enfermo. 'Estamos destruindo o planeta —recorda Saramago—. O egoísmo de cada xeración non pregunta como vivirán os que veñan despois'. Somos pombas e cobras, individualistas e solidarias. Colocando pedra sobre pedra no presente decatámonos de que non podemos colonizar un futuro que non é noso. Somos quen de cambiar o rumbo equivocado. Para que nenas e nenos, as floriñas ventureiras, tanta xente, plantas, animais, as paisaxes, bolboretas e paxaros non estean ás portas doutra primavera sen música nin cores.

Primavera silenciosa, de Rachel Carson.

Clara Baliñas\*

## Palpando a Sororidade: Reflexións de Glòria López Sánchez desde o Encontro Internacional da CWC en Roma

As vibracións de loita e solidariedade ecoaron no Encontro Internacional da CWC en Roma, compartiu, emocionada, Glòria, representante do grupo Revolta de Mulleres na Igrexa e de Alçem a Veu, membro do CWC. Entre tensións e enerxías positivas, o encontro internacional do CWC converteuse nun crisol de culturas e perspectivas: NUN recordatorio da diversidade de enfoques na loita compartida.

Xunto con Mónica Díaz e Teresa Casillas, compañeiras de Alçem a Veu e do CWC, e representantes procedentes de Colombia e Guatemala, Consolo Vélez e Luvia de León, Glòria representou o grupo de fala hispana do CWC (“Catholic Woman Council” ou “Consello Católico de Mulleres”). Na Casa da Donna, o comité executivo organizou unha variedade



de dinámicas que reuniron participantes tanto presenciais como virtuais, xerando un intercambio poderoso de experiencias e perspectivas.

Un dos momentos destacados foi o compartir con mulleres de diferentes partes do mundo (Iraq, Xapón e Suíza) como valoraban a súa participación no Sínodo dos Bispos. A desafiante realidade da minoría feminina fronte a unha presenza masculina imponente é particularmente aguda. Glòria valora a determinación coa que as participantes buscan, a pesar de todo, un marco para o diálogo transformador.

Dentro do encontro, tamén participou na dinámica “Walking to her shoes”, na que se revelaron historias persoais para promover unha comprensión máis profunda das situacións individuais que dan sentido a esta loita. Ademais, os encontros informais con líderes feministas da Igrexa a nivel mundial inspiraron a construír pontes e colaborar en iniciativas para fortalecer a presenza feminina na Igrexa.

Como conclusión, Glòria salienta a importancia de compartir as experiencias vividas no encontro cos grupos locais e continuar avogando pola formación no seo do CWC e a igualdade plena para as mulleres na Igrexa. Citando a Glòria: “Imos reformular unha maneira na que todas as persoas teñamos a dignidade que o bautismo nos dá. Poder seguir o camiño de Xesús sen aparatos nin parvadas. Isto é o que está en xogo: reformular a estrutura eclesíastica desde os zapatos tamén das mulleres.”

**Imos reformular  
unha maneira  
na que todas as  
persoas teñamos  
a dignidade que o  
bautismo nos dá**

*\*Agradecendo a boa predisposición de Glòria e o emocionante que é oíla.*



# Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

EMIA

## Polo interior da Coruña, de Negreira a Culleredo



Ponte Maceira

### Ponte Maceira, natureza e patrimonio

Percorremos desta vez unha parte do interior da provincia coruñesa, empezando polo Val da Barcala. Preto de Santiago, polo oeste, á altura de Ames-Bertamiráns desviámonos cara a Negreira, pero antes collemos á dereita para visitar un precioso conxunto natural e patrimonial nucleado arredor da Ponte Maceira. Substituíu a outra anterior, quizais romana, sita augas abaixo do Tambre e anegada polo encoro de FENOSA en 1958. A que vemos hoxe é medieval, do século XIV, pero reformada no XVIII, e foi esencial nos camiños entre Santiago e as terras fisterrás. Foi testemuña das loitas entre o poder eclesiástico dos arcebispos Fonseca e os Condes de Traba, pois aquí lindaban os seus territorios. A súa equilibrada fábrica e as súas dimensións destacan no ámbito das pontes medievais de Galicia, cun amplo arco apuntado central e outros dous de medio punto a cada lado.

Este lugar ten categoría de Ben de Interese Cultural, pois mantén unhas boas condicións de conservación

e conta cunha gran variedade de construcións residenciais (vivendas tradicionais, con curiosos apiarios nos muros, e o Pazo de Baladrón, de traza neo-historicista) e doutro tipo, como catro muíños, catro pombais, varios cruceiros, escudos e máis de vinte hórreos, en xeral en bo estado de conservación. A Ponte Maceira é un fito senlleiro da paisaxe da vía histórica, que é o Camiño desde Santiago a Fisterra.

### Negreira, capital da Barcala

Seguindo o río Tambre, entramos en Negreira, capital municipal e cabeza do Val da Barcala, que ten unha longa historia, desde a *Nicraria* romana (como mansión ou parada da vía *Per loca marítima*, que ía -pola costa- de Lugo a Braga) ás numerosas mencións na documentación medieval e moderna sobre o seu papel estratéxico na comarca. O consistorio estivo ata 1933 no Pazo de Cotón, medieval en orixe, pero reformado no século XVII pola liñaxe dos Luaces e os Mariño de Lobeira, ata que cambiou de mans en 1866. Mantén o recordo do ameado e dos torreóns e ten un enorme corpo

voado sobre a estrada para comunicalo coa veciña Capela de San Mauro.

### Polo val do río Xallas

Saíndo en dirección a Muxía e pasado o cruce da Pereira, entramos no val do río Xallas, que cruza a Ponte de Brandomil (xa no concello de Zas). Cítase en documentos do século XII, pero sen dúbida fíxose sobre unha ponte romana e nun contexto arqueolóxico de interese, con numerosos restos na súa contorna, tanto na marxe esquerda do río como na dereita, onde se ergue un lanzal castro, formando todo un conxunto, que foi probablemente a mansión *Grandimirum* da citada vía *Per loca marítima*. A ponte, con catro arcos de boa cantería e apartadoiros nos seus tallamares triangulares, perdeu un arco central nunha forte riada en 1989, pero foi reconstruído en 1995.

Volvendo cara a atrás retomamos a estrada que nos leva a Santa Catalina de Armada, capital do concello de Santa Comba, onde hai sitios para xantar.

# Un país coma un mundo

## Polo interior da Coruña, de Negreira a Culleredo



Igrexa de Soandres

### Cerceda, Laracha e Culleredo

Se seguimos cara ao norte, entramos no concello de Cerceda, marcado para sempre pola descomunal explotación industrial de Meirama (outra vez FE-NOSA), e desvíamonos para entrar no termo municipal de Laracha e deseguida atopámonos a igrexa de S. Pedro de Soandres, que pertenceu a un mosteiro (por alí dinlle “o convento”) de fundación inicial bieita e románica, como mostran algúns canzorros, pero na que hoxe quedan tres macizas ábsidas e naves góticas do século XIV. Unha fonte no lugar é boa, seica, para as doenzas auditivas, hai un sobrio cruceiro e chama tamén a atención, pola súa atinada traza, o coidado palco da

festa, o que é pouco habitual nestes elementos.

Remataremos a viaxe entrando no concello de Culleredo, case ao pé da A-6, que vai desde Arteixo cara a Lugo, facendo unha demorada parada en Celas de Peiro, pois aquí hai que ver a Torre que queda dunha fortaleza medieval que nos séculos XV e XVI pertenceu á casa dos Andrade e que hoxe é de propiedade municipal e ofrece, nos seus tres andares dispostos na súa altura de 12 m, un curioso museo etnográfico-histórico con traxes do país, trebellos de

labranza, información histórica etc. Na súa contorna axardinada (a Horta da Torre) celébrase en abril a romaría de Santo Outel (Eutelo ou Eleuterio), coa bendición dos cans.

A carón da Torre está a igrexa parroquial de Santa María, cunha discreta fachada neoclásica, pero de construción orixinal románica, da que quedan, entre outros elementos medievais de certo interese, unha porta lateral, algúns canzorros e unha ventá na cabeceira.



Torre de Celas de Peiro (Culleredo)

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilariño, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedron, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Balañas Vidal.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



**Deputación DA CORUÑA**

A des-humanidade



## Oración das nais pola vida e a paz

*Hai persoas que transcenden o seu tempo e a súa sociedade. Hai persoas que transcenden, mesmo, a súa relixión. Unha delas é Tareixa, “de Xesús”, quen aportou un novo e persoal método de orar que segue vivo na actualidade. Ela, que tivo o valor de se aventurar por camiños descoñecidos de espiritualidade, afinouse na realidade “de Xesús” para nos propor un estilo de orar, vivo e comprometido. “Orar é tratar de amizade, moitas veces, a solas, con quen sabemos que nos ama”.*

*E como oraría Tareixa hoxe? Achegamos este texto tan necesario nos momentos que estamos a vivir.*

### Oración das Nais pola Vida e a Paz

Deus da vida  
que curas os quebrantados de corazón e vendas as súas feridas

Que sexa a túa vontade escoitar a oración das nais

Porque non nos creaches para nos matar uns os outros

Nin para vivir con medo, ira ou odio no teu mundo

Senón que nos creaches para que nos demos permiso uns os outros para santificar o teu nome de Vida, o teu nome de Paz neste mundo.

Por estas cousas choro, os meus ollos, os meus ollos énchense de auga.

Polos nosos fillos que choran polas noites

Polos pais que sosteñen a seus fillos con desesperación e escuridade nos seus corazóns

Por unha porta que se pecha, e quen a abrirá antes de que acabe o día?

É coas miñas bágoas e oracións que rezo

É coas bágoas de todas as mulleres que senten profundamente a dor destes días difíciles

Ergo as miñas mans a ti por favor Deus ten piedade de nós



Escoita a nosa voz para que non desesperemos  
Que vexamos a vida en cada unha de nós,  
Que teñamos piedade unhas das outras,  
Que teñamos piedade uns dos outros,  
Que teñamos esperanza uns nos outros  
E escribiremos as nosas vidas no libro da Vida  
Por ti, Deus da Vida  
Elixamos a Vida.  
Porque ti es a Paz, o teu mundo é a Paz e todo o teu é a Paz,

E así será a túa vontade e digamos Amén.

Fonte: <https://espiritualidadintegradoracristiana.es/2023/10/15/como-oraria-teresa-hoy/?amp=1>

# Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Espírito de outono, quizás...

Dicir no día de hoxe que estamos secas, sen ideas, parece que non botamos o pé fóra da porta porque coa de auga que leva caído e coa que cae... Non sabemos como estará o tempo cando esta revista chegue ás vosas mans; polo de agora, auguramos choiva no horizonte... O caso é que cando xa non se pon en dúbida o cambio climático (custoulles velo...), van quedar algo desfasados os costumes e mais o refraneiro popular... Non digades que non é certo... Cando chegue o tempo de facer os magostos, xa habemos estar fartos de comer castañas e xa nin as ha de haber! Desde logo que aquilo de que “polo San Martiño, faise o magosto con castañas asadas e viño ou con mosto” non vai ter cabida este ano... Ao que si lle podemos facer caso é a que “Cando chove e vai vento, pecha a porta e estate dentro” ou a “Auga en outono non lle convén ao xornaleiro nin ao seu dono”. Pobre de quen! A ver se é certo que “Outubro chuvioso, ano copioso”... Desde logo que con tanto frío, auga e vento dá a impresión de que “Despois de san Martiño vén o inverno de camiño” e que “Polo san Martiño di o inverno ‘Alá vou eu!’ tamén se adiantou... Confiemos en que “o veranciño de San Martiño, ou grande ou pequeniño”...

O caso é que con este mal tempo, hai moi pouca luz e... o que tal se lle coñece aos días! Anoitece ben máis cedo e tamén amañece ben máis tarde! E cando cambien a hora, xa está o inverno enriba... A roda sempre a andar... Se non anda, malo... Tedes de voso a expresión “xa se lle coñece aos días”? Nós usámola máis cando aos días se lles coñece porque se fan máis grandes, pero estoutro día veunos á cabeza e acordámonos de vós.

E como sempre estamos coa orella posta, a ver que vos podemos contar, tamén o noso amigo Luís nos dixo aquilo de que “Non era mala vida se

durase...” e gustounos ben, decidimos metela na nosa base de datos, así que aí vai! Non digades que non é certo e que non vos gusta!

O caso é que andamos ás voltas, a ver se completamos os caracteres, porque hoxe realmente non temos ideas... Estamos aí a zugar e zugar e non sae nada substancioso... E sabedes o que é “zugar”? É chupar todo, ata non deixar nada, absorbendo coa boca; é sinónimo se succionar, que quizais entendedes mellor, de chuchar, de chupar. Así zugaredes, por exemplo, un óso ou as bolboretas zúganlle o néctar ás flores. Nós utilizámolo en sentido figurado, cando zugas en algo ou en alguén ata que o deixas seco, ata que non lle deixas máis ca o coiro... Así estabamos hoxe, así quedamos.



Zarracina, cifra, xistra, arroiada, ballón, dioivo, treixada...